



**XUNTA DE GALICIA**

I. E. S. AQUIS CELENIS

36650 CALDAS DE REIS

☎ 986 54 03 58 - FAX 986 54 10 17

ies.aquis.celenis@edu.xunta.es

---

ALCALDÍA DO ILMO. CONCELLO DE  
CALDAS DE REIS

r/ Ferrería, 1

36650

Caldas de Reis

Sr. Alcalde do Concello de Caldas de Reis:

En reunión mantida polas/os nais/pais e titoras/es legais do IES Aquis Celenis o día 21 de decembro, informóuselles do proxecto de reforma do Parque-xardín e carballeira desta vila. Asemade, comunicóuselles que a partir do mes de xaneiro quedaba prohibido o acceso ao Centro pola dita carballeira, tanto peonil como en vehículos particulares ou escolares. Sabedoras/es das alternativas ofrecidas polo Concello e á espera de que se comunique onde se van situar as paradas do transporte escolar, esta Asemblea de nais/pais do Instituto adoptou as seguintes conclusións:

Non se acepta a entrada pola beira do río e pola cancela do patio por motivos de seguridade para o alumnado. O acceso único polas escaleiras do pavillón municipal non garante un mínimo da seguridade para o alumnado por ser máis de 300 alumnas/os que deberían utilizar un espazo moi reducido e cunha pendente considerable.

Polo todo o anterior, solicítase dese Concello **un paso pola zona dos magnolios e centro da carballeira** que asegure mentres duren as obras ao noso alumnado unha chegada segura ao Centro (demanda xa expresada nun escrito que se lle remitiu desde o Consello Escolar). De non ofrecerse esa posibilidade, as/os nais/pais do Centro adoptarán as medidas que consideren oportunas.

Agradecéndolle de antemán a súa atención e tras unha petición desa asemblea para que lle comunicase o anterior, poño no seu coñecemento as decisións tomada polas familias asistentes á reunión.

Caldas de Reis, 22 de decembro de 2010

O DIRECTOR DO IES AQUIS CELENIS  
Xosé M. Candal González